

devandita orde entenderase realizada á matrícula do dito tributo ou do que lle substitúa correspondente ao ano no cal se produza a revisión do censo.

*Terceira.-Adopción de acordos polos plenos das cámaras.*

1. O pleno da cámara, para poder reunirse validamente en primeira convocatoria, deberá estar constituído, ao menos, polas dúas terceiras partes das persoas que o compoñen. Neste caso, adoptará os acordos por maioría simple dos/as asistentes.

2. Cando na convocatoria non se conseguise o número de persoas asistentes sinalado no punto anterior, o pleno poderá quedar constituído, en segunda convocatoria, media hora máis tarde da prevista para a súa realización, sempre que asistan á reunión a metade máis unha das persoas que o compoñen. Neste caso, para que os acordos sexan válidos deberán adoptarse co voto favorable dos dous terzos dos/das asistentes. Non obstante, se asisten ou se incorporan ao pleno o número de vogais exixible para que teña lugar a reunión en primeira convocatoria, os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as asistentes.

*Cuarta.-Referencias á administración tutelante e ao órgano tutelar.*

As referencias que neste regulamento se fan á administración tutelante e ao órgano tutelar entenderanse realizadas ao centro directivo que en cada momento teña atribuídas as competencias en materia de comercio.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 16 de novembro de 2009 de extinción da autorización por cesamento de actividades no centro privado Proden, do concello da Coruña.*

Examinado o expediente iniciado pola titularidade do centro privado Proden, do concello da Coruña, en que solicita o cesamento de actividades do devandito centro.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado polo Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995, que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Extinguir de conformidade co artigo 17.1º do Decreto 133/1995, por cesamento nas súas actividades, por instancia da titularidade do centro, a autorización do centro privado que se relaciona a continuación:

Denominación: centro privado Proden.

Código do centro: 15026054.

Titular: *Dietética y Nutrición, S.L.*

Domicilio: r/ Rafael Alberti, 6.

Concello: A Coruña.

Provincia: A Coruña.

Ensinanzas que se extinguen: todas as que tiña autorizadas (1 ciclo formativo de grao superior de dietética).

Segundo.-Esta extinción dará lugar á correspondente inscrición no Rexistro de Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo, e se convocan para o ano 2010.*

De acordo co disposto no artigo 148.1º11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do

Medio Rural, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, compete á citada consellería a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

O lobo mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve. As súas necesidades alimenticias entran, ás veces, en conflito cos intereses dos nosos gandeiros, que sofren a depredación que ocasionalmente realiza sobre o gando. É por iso polo que a Consellería do Medio Rural, para conciliar o interese pola pervivencia da especie coa dos gandeiros, pon en marcha unha liña de axudas, de carácter compensatorio, para reparar os danos ocasionados sobre o gando vacún, ovino, cabrún e equino de Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

Nos vindeiros exercicios, estas axudas financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, de acordo co contido da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Para o 2010 o referido importe recóllese no artigo 11º desta orde.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto e principios.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor dos gandeiros afectados polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensalos polos danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2010.

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos básicos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller a estas axudas os propietarios de gando afectado por ataques de lobos dentro da comunidade autónoma.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou os propietarios de gando vacún leiteiro que teñan nas últimas 3 convocatorias de axudas un número de animais mortos superior a 5, por entender que non se adoptaron medidas preventivas.

##### Artigo 3º.-*Requisitos.*

O gando deberá pertencer a unha explotación incluída no rexistro xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia, estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto, agás no caso do gando cabalar, que soamente deberá estar identificado individualmente.

##### Artigo 4º.-*Ámbito temporal.*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os danos producidos polo lobo desde o 1 de outubro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010.

##### Artigo 5º.-*Comunicación do dano.*

1. Nas vinte e catro horas seguintes ao ataque, os propietarios das reses deberán poñelo en coñecemento da Consellería do Medio Rural mediante unha chamada desde as 8.00 ás 20.00 horas, ao teléfono 902 11 20 00, a través do que se lles facilitará unha clave que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente. Os animais mortos non poderán ser manipulados, para non obstaculizar o labor investigador dos axentes que se despracen ao lugar para valorar os feitos e elaborar a correspondente acta.

Os feridos poderán ser atendidos polos veterinarios coa menor manipulación posible co obxecto de non entorpecer o labor investigador.

2. Dado que a cobertura dos danos amparados por esta orde só é ata o 30 de setembro de 2010, os danos producidos desde o 1 de outubro ata a entrada en vigor da orde do próximo ano, no caso de habela, terán que axustarse ao procedemento establecido nos parágrafos anteriores deste artigo.

3. As comunicacións de danos a partir do 1 de outubro de 2010 só darán dereito a axudas no caso de que se tramite a orde de axudas para os danos causados polo lobo do ano próximo.

##### Artigo 6º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida ao conselleiro do Medio Rural, segundo modelo formalizado que se recolle no anexo II desta orde.

Presentarase, preferentemente, nos rexistros dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, tamén se poderán presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes de axuda correspondentes aos danos producidos entre o 1 de outubro de 2009 e a entrada en vigor desta orde, cursaranse no prazo dun mes contado a partir da entrada en vigor desta orde.

Para os danos ocasionados a partir da entrada en vigor desta orde, a presentación das solicitudes de axuda deberase de facer dentro do mes seguinte ao de produción do dano.

3. Dado o carácter compensatorio das axudas e de conformidade co sinalado no artigo 48.1º ñ) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, para obter a condición de beneficiario destas axudas non se exixirá estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

a) Copia das follas do libro da explotación gandeira en que aparezan os animais afectados, así como as datas de alta e baixa deles na explotación.

b) Fotocopia do CIF do propietario das reses, no caso de persoas xurídicas.

c) Ficha para a transferencia bancaria no modelo que se xunta como anexo III a esta orde.

d) Se o titular fose unha persoa xurídica, acordo do órgano competente deste polo que se aprobou a solicitude desta axuda.

e) Cando se actúe en nome doutra persoa, física ou xurídica, así como dunha comunidade de bens, deberase acreditar a representación coa que se actúa.

f) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas, no modelo que se xunta como anexo IV a esta orde.

g) No caso de animais feridos; a factura do veterinario segundo vén especificado no artigo 7º.2.

A presentación do NIF só será obrigada no caso de que o solicitante non autorice a consulta dos datos de identidade a través do Sistema de verificación de datos de identidade, do Ministerio da Presidencia.

#### Artigo 7º.-*Importe das axudas.*

1. O importe destas axudas que figura no anexo I desta orde corresponderá ao suposto de morte, e estará condicionado á existencia de crédito orzamentario.

2. No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados, nunha contía que, en ningún caso, poderá exceder o límite das axudas previstas no anexo I para os animais mortos. Cando os feridos sexan varios exemplares, admitiranse facturas conxuntas do servizo veterinario en que se faga relación individual dos animais feridos coa súa idade. O sacrificio eutanásico poderase equiparar á morte, non se indemnizará polo tanto, a atención veterinaria.

3. Dada a maior densidade e os ataques reiterados constatados nos últimos anos dos lobos, o importe das axudas incrementarase nun 30% cando afecte explotacións dos concellos incluídos na Zona 1 do Plan de Xestión do Lobo en Galicia e recollidos no anexo V desta orde.

#### Artigo 8º.-*Procedemento de concesión.*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo tramitarase en réxime de concorrencia.

2. O procedemento de concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo iniciárase coa presentación da solicitude para ser beneficiario destas axudas.

3. De conformidade co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tendo en conta o carácter compensatorio que presentan as axudas para paliar os danos producidos polo lobo, exceptúase expresamente o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nesta orde.

4. Na tramitación das axudas para paliar os danos producidos polo lobo seguirase o procedemento abreviado sinalado no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 9º.-*Tramitación.*

1. Recibidas as solicitudes nos departamentos territoriais, os servizos provinciais de Conservación da Natureza examinaranas xunto coa documentación anexa.

No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete, coa indicación de que se non o fixese así, terase por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os referidos servizos provinciais avaliarán, dentro dos seus ámbitos territoriais, a natureza dos ataques do lobo obxecto da solicitude de subvención e realizarán a súa valoración. Para tal fin, levarán a cabo as funcións de organización, control e coordinación das unidades encargadas da comprobación dos danos.

3. Examinadas as solicitudes e a documentación presentada, e efectuada a correspondente valoración, os servizos provinciais de Conservación da Natureza elaborarán a oportuna proposta, que elevarán á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para que esta continúe coa súa tramitación.

4. Para o anterior, quincenalmente, cada servizo provincial de Conservación da Natureza elevará as propostas relativas ás solicitudes avaliadas.

5. Na semana seguinte á recepción das propostas dos servizos provinciais, a Subdirección Xeral de Recursos Cinxéticos e Piscícolas, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, tramitará os expedientes relativos ás devanditas propostas, ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

6. Unha vez esgotado o crédito, poderase realizar a oportuna modificación orzamentaria para dotar a aplicación orzamentaria do crédito necesario para atender as solicitudes que se produzan nun período anual dado.

Malia o anterior, as solicitudes e mais os recursos estimados de anos anteriores, que non se poidan conceder por insuficiencia orzamentaria ou por atrasos na tramitación atribuíbles á administración, atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte de se producir.

7. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

#### Artigo 10º.-*Resolución e recursos.*

1. De coformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde ao conselleiro do Medio Rural. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo recollidas nesta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude de axuda. Transcorrido este sen que se ditase resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos nos artigos 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no

prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 e 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 11º.-*Crédito.*

As axudas reguladas nesta orde financiaranse no exercicio 2010 con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.541.B.470.1 cuxo importe é de cento vinte e sete mil oitocentos vinte e catro euros (127.824 euros).

#### Artigo 12º.-*Rexistro público de subvencións.*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia.

2. Os interesados terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A solicitude para ser beneficiario de axudas para paliar os danos producidos polo lobo levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, os solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d), do número 2º, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 13º.-*Compatibilidade.*

1. As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estas axudas serán incompatibles coas cantidades percibidas en concepto de indemnización polos mesmos danos derivados dun expediente de responsabilidade patrimonial.

#### Artigo 14º.-*Disposicións xerais.*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, de 13

de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os beneficiarios están obrigados a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería do Medio Rural, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Así mesmo, o beneficiario deberá incluír necesariamente no momento do pagamento, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

6. Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o seu importe, individualmente consideradas, sexa igual ou superior aos 3.000 €. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 13 puntos 3º e 4º, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposicións adicionais*

##### *Primeira.-Delegación de funcións.*

Delégase no secretario xeral o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 10.1º, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### *Segunda.-Anticipado de gasto.*

Esta convocatoria de axudas tramitase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por isto a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2010, no momento da resolución.

#### *Disposicións derradeiras*

##### *Primeira.-Desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

##### *Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

#### *ANEXO I*

##### **Baremo utilizado para o pagamento de axudas polos ataques do lobo**

Especie	Clase e idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta
Ovino	Cordeiro < 12 meses	58 €	88 €
Ovino	Adulto	102 €	124 €
Ovino	Adulto > 6 anos	26 €	31 €
Caprino	Cabrito < 12 meses	73 €	109 €
Caprino	Adulto	102 €	131 €
Caprino	Adulto > 6 anos	26 €	31 €

Especie	Clase e idade	Custo rubia galega	Custo outras razas autóctonas*	Custo vacún leiteiro	Resto de reses de gando vacún
Vacún	Xato < 2 meses	277 €	327 €	218 €	218 €
Vacún	Xato entre 2 e 4 meses	348 €	416 €	277 €	277 €
Vacún	Xato entre 4 e 6 meses	581 €	763 €	509 €	509 €
Vacún	Xato entre 6 meses e 1 ano	598 €	788 €	526 €	526 €
Vacún	Ata 2 anos	799 €	1.045 €	871 €	697 €
Vacún	Vacas menores de 6 anos	1.090 €	1.635 €	1.452 €	1.090 €
Vacún	Vacas de 6 a 9 anos	871 €	1.198 €	799 €	799 €
Vacún	Vacas > 9 anos	523 €	653 €	436 €	436 €

\* Cachena, Caldelá, Vianesa, Limiá e Frireirosa

Especie	Clase e idade	Custo pura raza galega	Custo outros cabalos
Equino	Poldro < 2 meses	198 €	158 €
Equino	Poldro entre 2 e 4 meses	258 €	198 €
Equino	Poldro entre 4 e 6 meses	396 €	330 €
Equino	Poldro entre 6 meses e 1 ano	594 €	496 €
Equino	Ata 2 anos	634 €	541 €
Equino	Cabalos entre 2-10 anos	792 €	594 €
Equino	Cabalos >10 anos	594 €	449 €



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO II*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR809B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO / DA SOLICITANTE**

DON / DONA		NIF	
[ ]		[ ]	
ACTUANDO COMO	CIF	PROVINCIA	
[ ]	[ ]	[ ]	
CONCELLO	ENDEREZO		
[ ]	[ ]		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
[ ]	[ ]	[ ]	

**IDENTIFICACIÓN DO DANO**

CÓDIGO IDENTIFICACIÓN DA DENUNCIA	DATA DO DANO	TIPO DE GANDO	Nº DE CABEZAS AFECTADAS	PROVINCIA
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CONCELLO	PARROQUIA		LUGAR	
[ ]	[ ]		[ ]	

**DANOS RECLAMADOS**

ESPECIE SEGUNDO ANEXO I	IDADE DA RES	ESTADO	Nº DE MARCA DE AURICULAR
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**DATOS DA SUBVENCIÓN**

IMPORTE QUE SE SOLICITA: [ ]

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ACREDITACIÓN DA CONDICIÓ DE PROPIETARIO/A DA RES POLO/A SOLICITANTE DA AXUDA.
- FOTOCOPIA DO CIF DO/DA SOLICITANTE DESTINATARIO/A DA SUBVENCIÓN, OU PERSOA QUE O REPRESENTA.
- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE FINANCEIRA EN QUE SE ENCONTRA A CONTA DO BENEFICIARIO PARA O PAGAMENTO DA AXUDA.
- SE O TITULAR É UNHA ASOCIACIÓN, ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE APROBA A SOLICITUDE DE AXUDA.
- DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.
- FACTURA VETERINARIO.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. Así mesmo, expresa o seu consentimento respecto das autorizacións implícitas prevista nos artigos 6.4º e 12.3º desta orde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo, e se convocan para o ano 2010</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____  de de

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
[ ]	[ ]
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
[ ]	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

## ANEXO III

EXPEDIENTE

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		DNI / NIF <input type="text"/>
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

## DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/>	CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/>	DC <input type="text"/>	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/>
NOME DA ENTIDADE BANCARIA <input type="text"/>		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) <input type="text"/>	
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

, de de

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCIERA

ANEXO IV

DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

Declaro que

<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<b>solicitei</b> outras axudas para os mesmos animais afectados pola presente solicitude a algunha das administracións públicas.
---	--

Declaro que

<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<b>recibín</b> con anterioridade outras axudas para os mesmos animais afectados pola presente solicitude dalgunha das administracións públicas.
---	---

En caso afirmativo, indíquese a Administración a que solicitou a axuda , a data da concesión e/ou da solicitude e a contía da subvención aprobada, se é o caso:

ORGANISMO	DATA DA SOLICITUDE OU CONCESIÓN	CODIFICACIÓN DE IDENTIFICACIÓN DO ANIMAL	SUBVENCIÓN APROBADA

, de de

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE AUTORIZADO

*ANEXO V*  
Concellos Zona I

Provincia da Coruña

Aranga

As Pontes de García Rodríguez

Dumbría

Mazaricos

Monfero

Muxía

Sobrado dos Monxes

Toques

Vimianzo

Provincia de Lugo

Abadín

Alfoz

Baralla

Friol

Guitiriz

Muras

O Corgo

O Incio

O Páramo

O Valadouro

Ourol

Samos

Triacastela

Provincia de Ourense

A Bola

Avión

Baltar

Bande

Beariz

Calvos de Randín

Cualedro

Entrimo

Lobeira

Lobios

Melón

Muíños

Os Blancos

Rairiz de Veiga

Vilar de Santos

Provincia de Pontevedra

A Cañiza

A Estrada

A Lama

Cerdedo

Covelo

Cuntis

Forcarei

Fornelos de Montes

Valga

*Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010.*

O Regulamento (CE) 797/2004, do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura e o Regulamento (CE) 917/2004, da Comisión do 29 de abril, que establece disposicións de aplicación do anterior, consideraban o cofinanciamento comunitario das accións previstas nos programas de medidas de axuda á apicultura presentados polos Estados membros.

O Regulamento (CE) 797/2004 foi derogado polo Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, (Regulamento único para as OCM). Este último regulamento recolle as axudas a estes programas agrícolas no artigo 105 e seguintes.

En España o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, modificado polo Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e tamén polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, de modificación destes dous reais decretos citados, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

O programa de mellora da produción e a comercialización dos produtos da apicultura presentado por España foi aprobado pola Comisión Europea na Decisión do 10 de agosto de 2007.

No marco do dito Programa Nacional establécese un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, no que a participación financeira corresponde ata un 50% ao financiamento comunitario, ata un 25% corresponde ao financiamento do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino e a restante porcentaxe á Consellería do Medio Rural.

Como no artigo 108 do Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, establécese que os gastos dos Estados membros deberán efectuarse como máis tarde o 15 de outubro, data na que deben terse presentados os xustificantes de gasto por parte do Estado membro da Unión Europea, cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen ante a Consellería do Medio Rural no prazo fixado na resolución de concesión da axuda sen que en ningún caso poida exceder do 1 de setembro de 2010.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases dun réxime de axudas para o fomento daquelas activida-